

- **Título da evidencia:** Rúbrica de avaliación e corrección de traballos a través da mesma.

- **Tipo de evidencia:** Ferramenta de avaliación

- **Autor:** Francisco Argüeso Alejandro

- **Departamento:** Tecnoloxía (2º ESO) (afín)

- **Recurso de IA utilizado:** Google AI Studio

- **Breve resumo da actividade:**

A actividade consistiu na creación dunha rúbrica de avaliación para valorar traballos do alumnado de 2º de ESO na materia de Tecnoloxía, concretamente dentro do bloque de contidos sobre Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), en relación cos aspectos éticos. Utilizouse Google AI Studio para xerar unha rúbrica común que permitise avaliar diferentes traballos sobre temas asignados. Posteriormente, empregouse a mesma rúbrica para realizar a corrección dos traballos entregados, asegurando obxectividade e coherencia na avaliación.

- **Reflexión sobre a aplicación da actividade na práctica docente:**

O uso da IA para crear a rúbrica e aplicar a corrección foi moi positivo, xa que axilizou o proceso de avaliación e garantiu maior equidade. A vantaxe principal foi a rapidez, tanto na elaboración da rúbrica como na corrección de cada un dos traballos; ademáis proporcionou claridade nos criterios de avaliación, tanto para o profesorado como para o alumnado. Como inconveniente, foi necesaria unha revisión manual sobre todo na parte relativa á corrección, para evitar posibles incongruencias. A experiencia foi moi satisfactoria e sen dúbida volverei empregar esta metodoloxía de avaliación.